



A TODOS E TODAS AS TRABALLADORAS DAS RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE DE GALICIA

Despois de ter rachado coa unidade sindical e atacado as medidas de mobilización que se tomaron trala rotura da mesa de negociación, desvinculándose das mesmas, a UGT pola súa conta e sen aviso quere explorar xa a vía do AGA, remitíndolle ó Consello Galego de Relacións Laborais escrito de promoción do procedemento de conciliación-mediación coa excusa de que, a pesares dos seus esforzos por chegar a un acordo?, a negociación está bloqueada, e proponendo mediador con nome e apelidos.

Dende CIG e CC.OO. entendemos que esta nova manobra presenta claros visos de intencionalidade para tratar de atallar as mobilizacións que temos acordadas, favorecendo dese xeito a posición da patronal de dilatar no tempo a consecución dun convenio que dignifique as condicións salariais e laborais dos traballadores deste sector, impedindo desa maneira que fagamos valer os nosos dereitos.

Como tampouco temos nada que ocultar non puxemos impedimento algún o envite de acudir o procedemento arbitral de mediación e así llelo fixemos saber o Servicio de Solución de Conflictos.

A espera da confirmación da data e hora de celebración do inicio do procedemento arbitral, tanto **CIG como CC.OO. non renunciaremos as mobilizacións, tendo como obxectivo a mellora das condicións actuais do convenio, e mentras non se acade unha solución axeitada os intereses dos traballadores.**

Sempre estivemos e estaremos dispostos a negociar, pero non a que nos tomen o pelo

;; NON AS REBAIXAS DO ACTUAL CONVENIO ;;

;; POR UN CONVENIO DIGNO E CON DEREITOS;;